

CURRÍCULUM

ES

VE

TERCEIRO ESO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bloque de materias específicas

Valores Éticos

Introdución

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores

éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4. A xustiza e a política				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l	▪ B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH. ▪ B4.2. O Estado de dereito. ▪ B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc. ▪ B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía.	▪ B4.1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes".	▪ VEB4.1.1. Fundamenta racionalmente e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH. ▪ VEB4.1.2. Define o concepto de "Estado de dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática. ▪ VEB4.1.3. Describe o significado dos seguintes conceptos e establece a relación entre eles: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc. ▪ VEB4.1.4. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan o poder lexislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático, como instrumento para evitar o monopolio do poder político e como medio que permite aos cidadáns e ás cidadás o control do Estado.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CCL ▪ CSC
▪ a ▪ d ▪ g ▪ h	▪ B4.5. Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia. ▪ B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos.	▪ B4.2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.	▪ VEB4.2.1. Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns e as cidadás de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado. ▪ VEB4.2.2. Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da DUDH (dexeneración en demagogia, ditadura das maiorías, escasa participación cidadá, etc.) e formula posibles medidas para evitalos.	▪ CSC ▪ CSC ▪ CSIEE
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ h	▪ B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece.	▪ B4.3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.	▪ VEB4.3.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis salientables nos que se fundamenta a Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.	▪ CCL ▪ CSC

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ I			▪ VEB4.3.2. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución española e a súa dimensión ética (nación española, pluralidade ideolóxica ou papel e funcións atribuídas ás Forzas Armadas), a través da lectura comprensiva e comentada dos artigos 1 ao 9.	▪ CCL
▪ a ▪ c ▪ d ▪ h	▪ B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española.	▪ B4.4. Amosar respecto pola Constitución española e identificar nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e os deberes do individuo como persoa e cidadán ou cidadá, apreciando a súa adecuación á DUDH, coa finalidade de asumir de xeito consciente e responsable os principios de convivencia que ben rexer no Estado español.	▪ VEB4.4.1. Sinala e comenta a importancia dos "dereitos e as liberdades públicas fundamentais da persoa" establecidos na Constitución: liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto; carácter aconfesional do Estado; dereito á libre expresión de ideas e pensamentos; e dereito á reunión política e á libre asociación, e os seus límites.	▪ CSC
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h	▪ B4.9. Adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH. ▪ B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española. ▪ B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica na Constitución española.	▪ B4.5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos "dereitos e deberes dos cidadáns" (artigos do 30 ao 38) e dos "principios reitores da política social e económica" (artigos do 39 ao 52).	▪ VEB4.5.1. Coñece e aprecia na Constitución española a súa adecuación á DUDH, e sinala os valores éticos en que se fundamentan os dereitos e os deberes dos cidadáns e das cidadás, así como os principios reitores da política social e económica.	▪ CSC
			▪ VEB4.5.2. Explica e asume os deberes cidadáns que establece a Constitución, e ordénaos segundo a súa importancia, xustificando a orde elixida.	▪ CCL ▪ CSIEE
			▪ VEB4.5.3. Achega razóns para xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns as cidadás sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético.	▪ CSC
			▪ VEB4.5.4. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns e da cidadás, e a súa relación cos orzamentos xerais do Estado como un deber ético que contribúe ao desenvolvemento do ben común.	▪ CSC
▪ a ▪ b ▪ g ▪ h ▪ I ▪ -	▪ B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II.	▪ B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II.	▪ VEB4.6.1. Sinala e comenta, a través do traballo colaborativo, os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar.	▪ CAA ▪ CSC
			▪ VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o "poder galego".	▪ CCL

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ n			▪ VEB4.6.3. Identifica e valora as funcións e as características do Parlamento sinaladas no capítulo I, e da Xunta e a súa Presidencia, segundo o capítulo II.	▪ CCL
▪ a ▪ d ▪ h ▪ l	▪ B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH. ▪ B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadás.	▪ B4.7. Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros alcanzados por esta.	▪ VEB4.7.1. Describe a integración económica e política da UE, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta, de acordo coa DUDH. ▪ VEB4.7.2. Identifica e aprecia a importancia dos logros alcanzados pola UE e o beneficio que estes supuxeron para a vida dos cidadáns e das cidadás (anulación de fronteiras e restricións alfandegueiras, libre circulación de persoas e capitais, etc.), así como as obrigas adquiridas en diferentes ámbitos (económico, político, da seguridade e a paz, etc.).	▪ CSC ▪ CSC
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
▪ a ▪ b ▪ e ▪ h	▪ B5.1. Relación entre ética e dereito. ▪ B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade.	▪ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.	▪ VEB5.1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas.	▪ CAA ▪ CD
▪ a ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l	▪ B5.3. Xustificación das normas xurídicas. ▪ B5.4. Convencionalismo dos sofistas ▪ B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke. ▪ B5.6. Iuspositivismo de Kelsen.	▪ B5.2. Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas, a través da análise das teorías do dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico de determinados/as filósofos/as, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis.	▪ VEB5.2.1. Elabora en grupo unha presentación con soporte dixital sobre a teoría iusnaturalista do dereito, o seu obxectivo e as súas características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado. ▪ VEB5.2.2. Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre "physis" e "nomos", describindo a súa contribución ao convencionalismo xurídico, e elabora conclusións argumentadas arredor deste tema. ▪ VEB5.2.3. Analiza información sobre o positivismo xurídico de Kelsen, nomeadamente no relativo á validez das normas e dos criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito.	▪ CD ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCEC

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			■ VEB5.2.4. Recorre ao espírito emprendedor e á iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración co grupo, comparando as tres teorías do dereito e explicando as súas conclusións.	■ CAA ■ CD ■ CSIEE
■ a ■ b ■ d ■ e ■ h ■ l	■ B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH como código ético de conduta dos estados.	■ B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.	■ VEB5.3.1. Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo.	■ CSC
			■ VEB5.3.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que orixinaron a DUDH, entre eles o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns homes sobre outros, chegando ao extremo do Holocausto xudeu, así como a discriminación e o exterminio de todas as persoas que non pertencesen a unha determinada etnia, a un modelo físico, a unha relixión, a unhas ideas políticas, etc.	■ CAA
			■ VEB5.3.3. Sinala os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia deste feito para a historia da humanidade.	■ CCEC
■ a ■ b ■ c ■ d ■ e ■ g ■ h ■ l	■ B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.	■ B5.4. Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH, coa finalidade de coñecerla e propiciar o seu aprecio e respecto.	■ VEB5.4.1. Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, que se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira: – Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a todas as persoas: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non-discriminación. – Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais. – Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade. – Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticas. – Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais. – Finalmente, os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites.	■ CAA ■ CCL

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			■ VEB5.4.2. Elabora unha campaña, en colaboración co grupo, coa finalidade de difundir a DUDH como fundamento do dereito e a democracia, no seu medio escolar, familiar e social.	■ CCEC ■ CSC ■ CSIEE
■ b ■ h ■ l	■ B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento.	■ B5.5. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade	■ VEB5.5.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz).	■ CCEC
■ a ■ c ■ d ■ e	■ B5.10. Problemas aos que se enfronta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH.	■ B5.6. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH.	■ VEB5.6.1. Investiga mediante información obtida en distintas fontes, sobre os problemas e os retos da aplicación da DUDH, no que se refire ao exercicio de dereitos civís (destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc.) e dos dereitos políticos (guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados/as políticos/as, etc.).	■ CAA ■ CD ■ CSC
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
■ a ■ b ■ d ■ e ■ f ■ g ■ h	■ B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos.	■ B6.1. Recoñecer que existen casos en que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH.	■ VEB6.1.1. Obtén e selecciona información, traballando en colaboración, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos nos ámbitos humano e ambiental, sinalando as causas. ■ VEB6.1.2. Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións. ■ VEB6.1.3. Selecciona e contrasta información, colaborando en grupo, sobre algunhas das ameazas da aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía para o contorno ambiental e para a vida (explotación descontrolada dos recursos naturais, destrución de hábitats, contaminación química e industrial, choiva ácida, cambio climático, desertificación, etc.).	■ CAA ■ CD ■ CMCCT ■ CSC ■ CCL ■ CMCCT ■ CCL ■ CMCCT ■ CSIEE

